

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 06 DE MARZO DE 2019.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E CINCO MINUTOS** do día **SEIS DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Excusa súa asistencia: **JESUS TABOADA LÁZARA**

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **EXPTE. 714/2018. CONVOCATORIA DO CONCELLO DE SILLEDA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO VIII CONCURSO DE MICRORRELATOS.**
- 3º.- **PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPRENDEDORES.**
- 4º.- **URBANISMO.**
- 5º.- **CERTIFICACIÓN DE OBRAS.**
- 6º.- **CONTRATOS MENORES.**
- 7º.- **EXPTE. 173/2019 ADQUISICIÓN DE BENS A TÍTULO ONEROSO POR ADJUDICACIÓN DIRECTA.**

1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;  
- 12 de Febreiro de 2019

2º.- **EXPTE. 714/2018. CONVOCATORIA DO CONCELLO DE SILLEDA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO VIII CONCURSO DE MICRORRELATOS.**

Vista a proposta da concelleira de Benestar Social, Igualdade, Educación, Xuventude, Sanidade e Normalización Lingüística, Mª Pilar Peón Iglesias, de data 06 de marzo de 2019, que literalmente dí:

*"Eu, Pili Peón como concelleira de Normalización Lingüística do Concello de Silleda,*

*EXPOÑO QUE:*

*Visto, que nos últimos 7 anos desenvolveuse o Concurso de Microrrelatos Visto, que os temas elixidos nas edicións anteriores estaban dirixidos por unha banda á posta en valor da nosa lingua entre os mais pequenos e por outra á toma de conciencia de temas que afectan á sociedade actual*

*Visto, que nesta edición queremos continuar afondando na mesma liña, elixiuse o tema " Redes Sociais"*

PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local a aprobación da convocatoria e das bases para o VIII Concurso de Microrrelatos

Pili Peón  
Concelleira de Normalización Lingüística  
Silleda, 6 de marzo de 2019”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Prestar aprobación a presente convocatoria que ten por obxecto a concesión de premios do VIII Concurso de Microrrelatos, co tema “REDES SOCIAIS”, con dotación económica para premios, con cargo á aplicación orzamentaria 326.226.02 do orzamento municipal vixente.

2º.- Prestar aprobación as Bases que estarán a disposición dos interesados na Casa do Concello de Silleda e na web municipal e que transcríbense a continuación:

#### **“VIII CONCURSO DE MICRORRELATOS**

A Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Silleda organiza e convoca o VIII Concurso de Microrrelatos, en diante, “O Concurso”, que se rexerá polo disposto nas seguintes bases:

##### **Primeira.- Participantes**

O concurso está dirixido a todas as persoas maiores de 6 anos que estean empadroadas en Silleda. Establécense dúas categorías:

- A) De 6 a 12 anos
- B) De 13 anos en diante

Cada participante poderá presentar un único traballo

##### **Segunda.- Temática**

A temática desta edición será: Redes Sociais

Valorarase o orixinalidade a creatividade.

##### **Terceira.- Procedemento de participación**

Todas as persoas interesadas en participar no concurso presentarán o traballo, xunto coa documentación establecida, no Rexistro Xeral do Concello de Silleda, ou ben envíalo por correo postal na forma reglamentariamente establecida.

A forma de presentación será en papel DIN A4, sempre asinado cun pseudónimo, nun sobre pechado no que irá escrito o nome do Concurso e a categoría na que participa. Ademais deste, incluírase, dentro do mesmo, outro sobre pechado, co pseudónimo e o nome do Concurso escrito por fóra, dentro do cal se debe incluír unha tarxeta cos seguintes datos:

- Nome e apelidos do autor, e pseudónimo
- DNI
- Nº de teléfono
- Enderezo postal e enderezo electrónico
- Idade
- Título do relato

No caso de centros educativos cuxo alumnado participe conxuntamente, os traballos presentaranse todos xuntos nun sobre e os datos estarán anotados pola parte de atrás de cada traballo (nome, apelidos e idade).

O Microrrelato deberá ir titulado e estar integramente escrito en galego, e poderá ser presentado ben :

- Escrito a ordenador: máximo 500 caracteres, non se terán en conta signos de puntuación
- Escrito a man: máximo 100 palabras, non se terán en conta signos de puntuación

Os traballos deberán ser inéditos e non ter sido presentados a outro concurso ou certame ou a este mesmo en edicións anteriores.

**Cuarta.**- Prazo de presentación será do 2 ao 22 de abril de 2019

**Quinta.**- Selección do gañador e/ou gañadora

O xurado encargado de elixir aos mellores microrrelatos estará composto por dous profesionais dos medios de comunicación e a concelleira de Normalización Lingüística, Pili Peón, ou persoa en quen delegue.

O fallo do xurados darase a coñecer antes do 10 de maio, e os nomes dos gañadores e/ou gañadoras serán publicado a través das web [www.silleda.gal](http://www.silleda.gal) e notificado aos interesados a través do enderezo facilitado. En caso de non poder localizalos no prazo máximo de catro días naturais dende que se emita o fallo, o premio será concedido ao seguinte finalista.

**Sexta.**- Premios

Na categoría de 6 a 12 anos:

- 1 tablet valorada en 120€ e un libro en galego

Na categoría de 13 anos en adiante:

- 1 tablet valorada en 145€ e un libro en galego

**SEPTIMA.**- Aceptación das bases

O Concello de Silleda resérvase o dereito de descartar e excluír do Concurso aos participantes que:

- Se inscriban con datos falsos ou existan indicios de que puideran levar a pensar que os datos son falsos. A estes efectos, poderase esixir aos participantes a verificación dos seu datos si se considera oportuno.

- Cando de calquera forma fraudulenta ou artificial manipulen a súa participación no Concurso.

- Cando o Concello de Silleda considere que os relatos conteñen elementos que de calquera xeito poidan considerarse contrarios aos dereitos fundamentais e as liberdades públicas, induzan, inciten ou promovan actuacións denigrante ou violentas en xeral. Tamén se se atopan protexidas por calquera dereito de propiedade intelectual ou industrial pertencentes a terceiros sen que o participante obtivera previamente a autorización necesaria para levar a cabo o uso efectuado ou que pretenda efectuar.

- Cando se incumpran as presentes bases de calquera xeito

Estas bases enténdense aceptadas polo feito de inscribirse no Concurso. Calquera quebrantamento destas suporá a descalificación inmediata do traballo presentado.

O Concello de Silleda resérvase o dereito de modificar as condicións do Concurso en calquera momento, e incluso de anulalo ou deixalo sen efecto. En todo caso, comprométese a comunicar as Bases modificadas a través da web [www.silleda.gal](http://www.silleda.gal) de forma que todos os/as participantes teñan acceso a antedita información.

**Oitava.**- Exoneración de responsabilidade

*O Concello de Silleda queda exonerado, non facéndose responsable, respecto do incumprimento do participante de calquera garantía en materia de dereitos de propiedade intelectual, industrial ou de imaxe, así como de calquera responsabilidade que puidera derivar do incumprimento ou cumprimento defectuoso dos participantes no Concurso das presentes Bases.*

*Asemade, o participante cede os seus dereitos do seu Microrrelato ao Concello de Silleda para a publicación e difusión deste, por parte desta Administración Local, a través de redes sociais, páxina web e/ou publicacións, sen fins lucrativos."*

### **3º.- PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPRENDEDORES.**

**3.1.- Expte. 380/2019.** Visto o escrito con Rexistro de Entrada 2018-E-RC-4881, de data 22 de novembro de 2018, presentado por MARÍA EUGENIA GÁNDARA PEREIRA, para comercio de roupa o por menor.

**VISTAS** as Bases Reguladoras de Plan Municipal de Axuda a Emprendedores, publicadas no BOP nº 37 de data 21 de febreiro de 2019 e a proposta da concelleira Ana Luisa Gonzalez Costa de recoñecer unha axuda polo importe de 1.200,00 €; unha vez comprobada a documentación acreditativa dos mesmos, a favor de MARÍA EUGENIA GÁNDARA PEREIRA, para a apertura dun comercio de roupa ó por menor, na rúa Santa Eulalia (Silleda).

**VISTO** o gasto xustificado documentalmente e tendo en conta o disposto nas Bases Reguladoras,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

#### **RESOLVE**

**1. CONCEDER** a MARÍA EUGENIA GÁNDARA PEREIRA, para a apertura dun comercio de roupa ó por menor, na rúa Santa Eulalia (Silleda), unha axuda de **1.200,00 €**, coa abriga de cumprir con tódalas esixencias das Bases, incluíndo a instalación dun cartel identificativo desta subvención.

**3.2.- Expte. 381/2019.** Visto o escrito con Rexistro de Entrada 2018-E-RC-4967, de data 30 de novembro de 2018, presentado por MARIANA GEORGETA DEGETAR, para café-bar.

**VISTAS** as Bases Reguladoras de Plan Municipal de Axuda a Emprendedores, publicadas no BOP nº 37 de data 21 de febreiro de 2019 e a proposta da concelleira Ana Luisa Gonzalez Costa de recoñecer unha axuda polo importe de 900,00 €; unha vez comprobada a documentación acreditativa dos mesmos, a favor de MARIANA GEORGETA DEGETAR, para a apertura dun café-bar, en rúa Venezuela, nº 1 (Silleda).

**VISTO** o gasto xustificado documentalmente e tendo en conta o disposto nas Bases Reguladoras,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

#### **RESOLVE**

1. **CONCEDER** a MARIANA GEORGETA DEGETAR, para a apertura dun café-bar, en rúa Venezuela, nº 1 (Silleda), unha axuda de **900,00 €**, coa obriga de cumprir con tódalas esixencias das Bases, incluíndo a instalación dun cartel identificativo desta subvención.

#### 4º.- URBANISMO.

**4.1.- Expte. 2369/2018. LMTA POR707 e cambio a CT intemperie do CT de caseta Negreiros de AT 2009/418. UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.**

Vista a solicitude de licenza, presentada por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., Rexistro de Entrada nº 2018-E-RC-4530 de data 26 de outubro de 2018, para LMTA POR707 e cambio a CT intemperie do CT de caseta Negreiros de AT 2009/418, en Negreiros (Silleda).

Visto o informe emitido o 14 de febreiro de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

Solicitante	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.		
Data de rexistro	26. OUT. 2018	Nº 2018-E-RC-4530	Data escrito 2369/2018
Solicitude	LMTA POR707 e cambio a CT intemperie do CT de caseta Negreiros de AT 2009/418		
Tipo de Solicitude	Obra Maior		Superficie construída: N/D m2
Emprazamento	Negreiros		
Referencia catastral	n/d		Superficie Catastro: n/d m2
Autor do Proxecto	Darío Sánchez Maeso, enxeñeiro Industrial colexiado 2564 I.C.O.I.I.G.		
Proxecto	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 29/04/2016, nº 20161047		
Dirección de Obra	N/D		
Dirección de Execución	N/D		
Exposición pública	BOP	DOGA	Prensa
Orzamento (P.E.M.)	16.697,84 €		P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Plan Básico Autonómico.
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
- 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

- 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Emítese informe técnico sobre o expediente 2369/2018, de solicitude de licenza asinada por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., presentada con R.E. 2018-E-RC-4530 de 26. OUT. 2018. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Darío Sánchez Maeso, enxeñeiro Industrial colexiado 2564 I.C.O.I.I.G..

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas<sup>1</sup> durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras.

4. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: “Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel”.

5. Serán responsables da aplicación do CTE os axentes que participan no proceso da edificación, segundo o establecido no capítulo III de la LOE. Segundo o art. 5.3 da Parte I do CTE, para xustificar que un edificio cumpre as exigencias básicas do CTE “poderá optarse por solucións alternativas, entendidas como aquelas que se aparten total ou parcialmente dos DB. O proxectista ou o director de obra poden, baixo a súa responsabilidade e previa conformidade do promotor, adoitar solucións alternativas, sempre que xustifiquen documentalmente que o edificio proxectado cumpre as esixencias básicas do CTE porque as súas prestacións son, alomenos, equivalentes ás que se obterían pola aplicación dos DB”.

**6. O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3 do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.**

7. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

#### INFORME TÉCNICO:

1. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **LMTA POR707 e cambio a CT intemperie do CT de caseta Negreiros de AT 2009/418**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**.

2. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre

que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

3. Cumprimento dos artigos 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.	CUMPRE
As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:	
a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.	SI
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	35.1.m)
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	SI
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	SI
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	SI
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	Non procede
Artigo 92. Protección das vías de circulación.	
1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).	N/d
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	SI
4. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que <b>está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental</b> .	
5. Canto aos <b>parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito, non son de aplicación nos supostos de rehabilitación do artigo 40, salvo o límite de altura, que si se cumpre no proxecto</b> .	
6. O proxecto presentado non contradí os <b>parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito</b> .	
7. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.	
8. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.	

9. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de LMTA POR707 e cambio a CT intemperie do CT de caseta Negreiros de AT 2009/418 solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico.

Por outra banda, de acordo co artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente**".

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. para LMTA POR707 e cambio a CT intemperie do CT de caseta Negreiros de AT 2009/418, en Negreiros (Silleda), con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que será requisito indispensable dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**Segundo.-** Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras ( ICIO ) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	0,00	60,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
16.697,84	16.697,84	2,25 %	375,70	0,00	375,70

**Terceiro.-** Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso



O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

**Cuarto.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

#### **4.2.- Expte. 2263/2018. Ampliación de potencia CTI Cumbraos. Solicitante: UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.**

Vista a solicitude de licenza, presentada por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., Rexistro de Entrada nº 2018-E-RC-4387 de data 16 de outubro de 2018, para ampliación de potencia CTI Cumbraos, no lugar de Lis, Moalde (Silleda).

Visto o informe emitido o 18 de febreiro de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.  
 Data de rexistro 16. OUT. 2018 Nº 2018-E-RC-4387 Data escrito 2263/2018  
 Solicitude Ampliación de potencia CTI Cumbraos  
 Tipo de Solicitude Obra Maior Superficie construída: N/D m2  
 Emprazamento Lis, Moalde  
 Referencia catastral n/d Superficie Catastro: n/d m2  
 Autor do Proxecto Rafael Pena Fernández, enxeñeiro Técnico Industrial colexiado 1903 COETICOR  
 Proxecto Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 24/09/2018, nº 2860/18-CO  
 Dirección de Obra N/D  
 Dirección de Execución N/D  
 Exposición pública BOP DOGA Prensa  
 Orzamento (P.E.M.) 6.080,97 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Plan Básico Autonómico.
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
  - 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
  - 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
  - 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
  - 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
  - 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
  - 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emítase informe técnico sobre o expediente 2263/2018, de solicitude de licenza asinada por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., presentada con R.E. 2018-E-RC-4387 de 16. OUT. 2018. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Rafael Pena Fernández, enxeñeiro Técnico Industrial colexiado 1903 COETICOR.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do

presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras.

4. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: “Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel”.

5. Serán responsables da aplicación do CTE os axentes que participan no proceso da edificación, segundo o establecido no capítulo III de la LOE. Segundo o art. 5.3 da Parte I do CTE, para xustificar que un edificio cumpre as exixencias básicas do CTE “poderá optarse por solucións alternativas, entendidas como aquelas que se aparten total ou parcialmente dos DB. O proxectista ou o director de obra poden, baixo a súa responsabilidade e previa conformidade do promotor, adoitar solucións alternativas, sempre que xustifiquen documentalmente que o edificio proxectado cumpre as esixencias básicas do CTE porque as súas prestacións son, alomenos, equivalentes ás que se obterían pola aplicación dos DB”.

**6. O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3 do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.**

7. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

#### INFORME TÉCNICO:

1. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico de especial protección agropecuaria**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Ampliación de potencia CTI Cumbraos**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**.

2. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.m) **Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren**. da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

3. Cumprimento dos artigos 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.	CUMPRE
As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:	
a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.	SI
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	35.1.m)
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración	SI

no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

Si

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

SI

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Non procede

**Artigo 92. Protección das vías de circulación.**

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

N/d

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

SI

4. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental**.

5. Canto aos **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito, non son de aplicación nos supostos de rehabilitación do artigo 40, salvo o límite de altura, que si se cumpre no proxecto**.

6. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

7. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

8. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico de especial protección agropecuaria, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

9. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

10. Segundo o artigo 92 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia "Protección das vías de circulación":

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

11. Segundo o artigo 39.c) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia:

12. – Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

12.1 Segundo o artigo 99 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda:

D.- Como norma general los cierres de obra de fábrica, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos podrán autorizarse a SEIS (6) metros del eje del camino y en todo caso a TRES (3) metros del borde o arista exterior de la explanación, siendo definida esta según el art. 33.1 de la Ley de Carreteras.

E.- Cuando los cierres de obra de fábrica o desmontables, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos, se soliciten con el compromiso de derribo o traslado por cuenta del propietario, el ayuntamiento podrá autorizarlas en este caso a TRES (3) metros del eje del camino y en todo caso a UN (1) metro de la arista exterior de la explanación o cuneta respectiva. El Ayuntamiento en base a necesidades de ampliación de infraestructura, implantación de servicios, etc., podrán ordenar el derribo o traslado de los cierres, postes y demás elementos constructivos con cargo a los propietarios en este caso y sin que estos puedan alegar derecho a reclamación o indemnización de ninguna clase sobre los mismos.

F.- En las zonas donde existan intersecciones de caminos y en una distancia de veinticinco (25) metros en los accesos que lo forman, los retranqueos mínimos anteriormente definidos para caminos rurales, tanto para edificaciones como para cierres y demás elementos constructivos se aumentarán en UN (1) metro en todos los casos a efectos de visibilidad y seguridad en la circulación de vehículos y personas.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Ampliación de potencia CTI Cumbraos solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico.

Por outra banda, de acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente**".

**Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello de aval bancario polo importe do Orzamento de Execución Material do proxecto, en concepto de garantía para a reposición de pavimentos."**

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra a UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., para ampliación de potencia CTI Cumbraos, no lugar de Lis, Moalde (Silleda), con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que será requisito indispensable dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Asimesmo, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello de aval bancario polo importe do Orzamento de Execución Material do proxecto, en concepto de garantía para a reposición de pavimentos.

**Segundo.-** Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras ( ICIO ) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	0,00	60,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
6.080,97	6.080,97	2,25 %	136,82	0,00	136,82

**Tercero.-** Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

**Cuarto.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

#### **4.3.- Expte. 480/2017. Planta satélite de almacenamento e regasificación de gas Natural licuado (GNL) para subministro a Silleda. Solicitante: GAS NATURAL FENOSA, S.A.**

Vista a solicitude de licenza, presentada por GAS NATURAL FENOSA, S.A., Rexistro de Entrada nº 2017-E-RC-3352 de data 24 de xullo de 2017, para Planta satélite de almacenamento e regasificación de gas Natural licuado (GNL) para subministro a Silleda, no Polígono Industrial Área 33 (Silleda).

Visto o informe emitido o 21 de febreiro de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

Solicitante	GAS NATURAL FENOSA S.A.		
Data de rexistro	24.XUL.2017	Nº 2017-E-RC-3352	Expediente 480/2017
Solicitude	Planta satélite de almacenamento e regasificación de gas Natural licuado (GNL) para subministro a Silleda		
Emprazamento	Polígono Industrial Área 33, Silleda		
Referencia catastral	36052A049005440000KS e 36052A049010120001LZ		Coordenadas UTM 29 ETRS89:
Parcela rexistral	n/d		X: 563159.75 m Y: 4726788.52 m
Clase de solo	Solo rústico		Superficie construída: 168 m2
Autor do Proxecto	Jose Luis Sousa López, Enxeñeiro Industrial colexiado ICOIIG nº489		
Proxecto	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial		
Dirección de Obra	n/d		
Oficio de Dirección			
Orzamento (P.E.M.)	27.636,11 €		P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Plan Básico Autonómico.
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
  - 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
  - 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
  - 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

- 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012  
13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012  
13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016  
14 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Emítase informe técnico sobre o expediente 480/2017, de solicitude de licenza asinada por GAS NATURAL FENOSA S.A., presentada con R.E. 2017-E-RC-3352 de 24.XUL.2017. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por Jose Luis Sousa López, Enxeñeiro Industrial colexiado ICOIIG nº489.
2. Durante a tramitación do expediente, apórtase pola empresa promotora das obras, **adenda ao proxecto de planta satélite de almacenamento e regasificación de gas natural licuado (GNL) para subministración a Silleda (Pontevedra)**, con rexistro de entrada 2018-E-RC-335 de día 24 de xaneiro de 2018; adenda que se redacta coa finalidade de adaptar o proxecto á nova especificación interna do grupo Gas Natural PE.05186. GN- DG "Deseño e construción de plantas satélite de GNL.
3. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas<sup>1</sup> durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
4. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras.
5. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: "Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel".
6. Serán responsables da aplicación do CTE os axentes que participan no proceso da edificación, segundo o establecido no capítulo III de la LOE. Segundo o art. 5.3 da Parte I do CTE, para xustificar que un edificio cumpre as exigencias básicas do CTE "poderá optarse por solucións alternativas, entendidas como aquelas que se aparten total ou parcialmente dos DB. O proxectista ou o director de obra poden, baixo a súa responsabilidade e previa conformidade do promotor, adoitar solucións alternativas, sempre que xustifiquen documentalmente que o edificio proxectado cumpre as esixencias básicas do CTE porque as súas prestacións son, alomenos, equivalentes ás que se obterían pola aplicación dos DB".
7. **O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3 do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.**
8. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

#### INFORME TÉCNICO:

9. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**. Parte das instalacións encóntrase no ámbito do Polígono Industrial Área 33, con clasificación de **solo urbano, INDUSTRIA Y ALMACÉN, I.A.**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Planta satélite de almacenamento e regasificación de gas Natural licuado (GNL) para subministro a Silleda**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria e parte da instalación en solo urbano, INDUSTRIA Y ALMACÉN, I.A.**



10. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

11. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

**Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico. CUMPRE**

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

<p>a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.</p> <p>Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.</p>	SI
<p>b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.</p>	SI
<p>c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:</p>	
<p>- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.</p>	SI
<p>- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.</p>	SI
<p>- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.</p>	SI
<p>- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.</p> <p>Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.</p>	SI
<p>d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:</p>	SI
<p>- Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).</p>	
<p>- A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.</p>	
<p>- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.</p> <p>Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán</p>	

permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

- Mantérase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

Non procede

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvaguardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.

A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

SI<sup>2</sup>  
Non procede

**Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.**

**CUMPRE**

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

SI

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

35.1.m)

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

SI

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

SI

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

SI

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Non procede

**Artigo 92. Protección das vías de circulación.**

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou

N/d

outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

SI

12. Consonte ao Plan Parcial vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido no parágrafo 3.5.4 **usos autorizados**:

**INSTALACION DE LOS SERVICIOS DE DISTRIBUCION DE ENERGIA ELECTRICA, AGUA Y LIMPIEZA**

Estaciones de generación, transporte, transformación y distribución de enerxía eléctrica; instalacións de elevación, conducción, distribución y depuración de augas; limpeza, desinfección, destrución o aproveitamento de produtos residuais urbanos, etc.

13. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental**.

14. Segundo o artigo 92 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia “Protección das vías de circulación”:

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

15. Segundo o artigo 39.c) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia:

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

16. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Real Decreto 2267/ 2004**, de 3 de decembro, polo que se aproba o **Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais**, segundo se xustifica no ANEXO 1 da memoria e na documentación gráfica do proxecto.

17. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

18. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

19. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos**:

19.1 Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

19.1.1 Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE3: TuNoQQ2dQ1. Posteriormente, a consecuencia da ADENDA que foi redactada logo da nova especificación interna do grupo Gas Natural PE.05186. GN- DG “Deseño e construción de plantas satélite de GNL”, sométese a novo informe, que foi emitido con CVE4: MrLqvi0P7

**Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Planta satélite de almacenamento e regasificación de gas Natural licuado (GNL) para subministro a Silleda solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.**

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente**".

**Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:**

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra a GAS NATURAL FENOSA, S.A., para Planta satélite de almacenamento e regasificación de gas Natural licuado (GNL) para subministro a Silleda, no Polígono Industrial Área 33 (Silleda) con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

**Segundo.-** Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras ( ICIO ) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	0,00	60,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
27.636,11	27.636,11	2,25 %	621,81	0,00	621,81

### Terceiro.- Prazos de ingreso e Medios de pago

#### Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

#### Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

**Cuarto.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

### **4.3.- Expte. 269/2019. Construcción de nave para uso comercial e industrial – SOMETAL, S:L.U. no Polígono Industrial parque Empresarial de Silleda.**

#### **Caducidade de licenza**

Obra Construcción de nave para uso comercial e industrial

Emprazamento Polígono Industrial Parque Empresarial, Silleda  
Referencia catastral 36052A04900518  
Polígono Industrial Área 33, de Silleda

**VISTO** que a licenza foi concedida en xunta de goberno local do 15 de decembro de 2005. No punto h) do acordo constan os prazos de inicio e de remate das obras, no que se indicaba que

*“... a licenza caducará aos 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo das obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ao anterior, de acordo có establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses”.*

**Visto** o informe técnico do Arquitecto, de data 13 de febreiro de 2019, que literalmente dí:

“Obra                    *Construción de nave para uso comercial e industrial*  
Emprazamento    *Polígono Industrial Parque Empresarial, Silleda*  
Referencia catastral *36052A04900518*  
ASUNTO:            *Caducidade de licenza*

#### INFORME

1. Emitese informe técnico relativo ás obras que se están a executar na parcela con referencia catastral 36052A04900518, no Polígono Industrial Área 33, de Silleda.

2. Consultado o arquivo municipal, e salvo erro ou omisión involuntarios, a licenza foi concedida en xunta de goberno local 15 de decembro de 2005. No punto h) do acordo constan os prazos de inicio e de remate das obras, no que se indicaba que *“... a licenza caducará aos 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo das obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ao anterior, de acordo có establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses”.*

3. O Artigo 145. Caducidade das licenzas da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas. Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

4. Por outra banda, o Artigo 359. Caducidade das licenzas do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece o seguinte:

1. As licenzas outorgaranse por un prazo determinado tanto para iniciar como para rematar os actos amparados por elas. Os prazos para a iniciación e remate das obras computaranse desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza.

2. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas. Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses (artigo 145.1 da LSG).

3. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado (artigo 145.2 da LSG).

4. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente (artigo 145.3 da LSG).

5. A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado (artigo 145.4 da LSG).

O procedemento de declaración de caducidade iníciase de oficio polo concello que outorgou a licenza. O órgano competente para resolver pode adoptar medidas provisionais para a protección dos intereses públicos e de terceiras persoas, incluído o cesamento dos actos de uso do solo ou do subsolo autorizados pola licenza, nos termos establecidos pola lexislación do procedemento administrativo común.

No procedemento darase audiencia á persoa titular da licenza. A resolución será motivada e notificarase nos termos previstos pola lexislación do procedemento administrativo común no prazo máximo de seis meses desde a notificación da iniciación do procedemento, transcorrido o cal este caducará e deberán archivarase as actuacións, de oficio o por solicitude da persoa interesada, quedando sen efecto as medidas provisionais que se tivesen adoptado.

O procedemento será arquivado no caso de que se xustifique a irregularidade que motivou a súa iniciación, e se proceda de inmediato a iniciar ou rematar as obras en prazo razoable a xuízo do órgano competente, agás que se aprecie reiteración ou reincidencia no incumprimento.

6. A declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza. Unha vez notificada a caducidade da licenza, as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén unha nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

Mentres non sexa outorgada, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e bens e o valor do xa realizado, logo de autorización ou orde de execución por parte do concello.

5. As obras continúan, a día de hoxe, en fase de execución, levando varios anos sen avances. En consecuencia, e á vista de que a licenza foi concedida o quince de decembro de 2005 e foi notificada o día 10 de xaneiro de 2006, propónse que se inicie o procedemento que establece o artigo 145 nomeado sobre caducidade de licenzas.”

De acordo co disposto no art. 145 e concorrentes sobre caducidade das licenzas da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, ACORDA:

1. **INICIAR** o expediente de declaración de caducidade da licenza de obras.
2. **CONCEDER** trámite de audiencia por 15 días ao titular da licenza.

## 5º.- CERTIFICACIÓN DE OBRAS.

### 5.1.- Expte. 350/2018. “Campo de fútbol de Bandeira (Fase II) – Expte. 1477/2017.

Vista a certificación final e liquidación da obra “Campo de fútbol de Bandeira Fase II” (expte. 1477/2017), presentada o 05 de decembro de 2018, número 2018-E-RC-5021, asinada polo director da obra Abraham Castro Neira o 03 de decembro de 2018 e executada por Construcciones Taboada y Ramos, S.L.

Vista a factura correspondente a esta certificación emitida por Construcciones Taboada y Ramos, S.L., n.º 3 de data 08 de xaneiro de 2019, por importe de 65.868,27 €.

Visto o informe de intervención, de data 07 de febreiro de 2019.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 07 de febreiro de 2019.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación final e liquidación da obra de "Campo de Fútbol de Bandeira – Fase II", por importe de 65.868,27 €, asinada polo director das obras, o arquitecto Abraham Castro Neira.

SEGUNDO.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que é a seguinte: Número 3. Data: 08/01/2019. Proveedor: Construcciones Taboada y Ramos, S.L. Importe con IVE: 65.868,27 €.

## **6º.- CONTRATOS MENORES.**

### **6.1.- Expte. 473/2019. Acondicionamento de Viais en Taboada (Silleda)**

**ANTECEDENTES.** O artigo 118 da LCSP considera contratos menores os de obras por importe inferior a 40.000 euros. Estes contratos poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar/contratar, que conte coa habilitación profesional necesaria, e co cumprimento, segundo dispón o artigo 118 da LCSP, das condicións que seguen:

- Que non existen prestacións adxudicadas ou pendentes relacionadas co obxecto deste contrato que conxuntamente con este afecten ao procedemento de contratación.
- Que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación.
- Que a empresa seleccionada non foi adxudicataria doutros contratos menores que individual ou conxuntamente superen os límites recollidos no artigo 118.

Co obxecto de proceder a dita contratación solicitouse oferta a Fernando Pena Caramés, a cal presenta en data 05 de marzo de 2019 un orzamento de 13.933,23 € mais 2.925,98 € de IVE, o que fai un total de 16.859,21 €.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**1º.- Adxudicar** o contrato menor de “**ACONDICIONAMENTO DE VIAIS EN TABOADA-SILLEDA**” a empresa FERNANDO PENA CARAMÉS, NIF 77595727-Y, por importe total de **16.859,21 €** – IVE incluído por valor de 2.925.98 € e base imponible 13.933,23 €.

**2º.-** Dar traslado deste acordo o adxudicatario e a Intervención municipal.

## **7º.- EXPTE. 173/2019 ADQUISICIÓN DE BENS A TÍTULO ONEROSO POR ADXUDICACIÓN DIRECTA.**



Dase conta da proposta da Alcaldía de data 05 de marzo de 2019 que transcríbese a continuación:

**“ANTECEDENTES:**

*No Pleno de 31 de Xaneiro de 2019 acordouse iniciar o expediente de compra da parcela, segundo esta Proposta da Alcaldía:*

*“Visto que o goberno municipal de Silleda levou a cabo en maio de 2018 unha consulta popular para pulsar a opinión da veciñanza sobre a reforma da Praza Juan Salgueiro de Silleda.*

*Visto que na citada consulta, mediante formularios anónimos que se podían cubrir tanto fisicamente como a través de Internet, participaron máis de 300 persoas.*

*Visto que entre as suxerencias dos participantes figura a ampliación de espazos neste enclave público, -un dos máis utilizados polas familias da vila- , entre outras melloras propostas*

*Visto que no ánimo do goberno municipal de Silleda está o de acometer unha reforma integral desta praza que conta con varias parcelas de titulariedade privada nas súas inmediacións.*

*Visto que os propietarios dunha destas parcelas, en concreto a situada no número 13 da rúa Antón Alonso Ríos, cunha superficie de máis de 200 metros cadrados, expresaron a súa vontade de vender ao Concello de Silleda dita parcela, tal e como se reflexa no escrito de data 17 de xaneiro de 2019, con rexistro de entrada número 198.*

*Visto que por parte do goberno municipal se encargaron xa informes de valoración, tanto internos como externos, sobre o a valoración das parcelas aledañas á praza Juan Salgueiro.*

*Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguintes acordos:*

**PRIMEIRO:** *Acordar o inicio dos trámites para lograr a ampliación da praza Juan Salgueiro coa adquisición por parte deste Concello de novos terreos*

**SEGUNDO.** *Instar aos departamentos municipais de Secretaría e Intervención a iniciar os trámites oportunos para dito fin.*

**TERCEIRO.** *Autorizar ao Alcalde a negociar cos seus propietarios a adquisición do solar sito no número 13 da rúa Antón Alonso Ríos , contiguo ao número 11.*

*En Silleda, a 18 de xaneiro de 2019  
O Alcalde Manuel Cuiña Fernández”*

**Identificación básica.**

*Parcela de 213 m2 de superficie.*

*Rúa Antón Alonso Ríos nº 13. SILLEDA.*

*Propietarios: MANUEL LORENZO HERMIDA e CELSO NOVO PEREZ.*

*Libre de cargas e gravames.*

*Proposta de prezo: 48.900 €.*

*Referencia Catastral: 1880720NH6218S0001HG.*

*Cualificación urbanística: solo urbano de edificación cerrada. Baixo + 3 prantas (13,10 mt)*

**Taxación.**

*2 Informes de taxación de JESUS RODRIGUEZ NUÑEZ, Arquitecto Técnico/Perito Xudicial e LINO DOPORTO SAMIL –Arquitecto Municipal- que valoran a mesma en 49.720 e 48.990 € respectivamente.*

**Vontade de venda e taxación.** Consta no expediente a vontade expresa por escrito –de data 17 Xaneiro, rexistro nº 198 - dos dous propietarios de vender a súa parcela ó Concello pola cantidade de 48.900 €.

Igualmente, a taxación dos Arquitectos, JESUS RODRIGUEZ NUÑEZ e LINO DOPORTO SAMIL -Arquitecto Municipal- que valoran a mesma en 49.720 e 48.990 € respectivamente.

**Aspecto xurídico e urbanístico.** Consta informe xurídico de Secretaría. Desde o punto de vista urbanístico a parcela está cualificada como urbana, edificación cerrada, cunha edificabilidade de baixo + 3 (13,10 mt.).

*A vontade expresa desta Alcaldía e do goberno municipal para esa compravenda é aricar esa superficie a un espazo público -nas súas diversas variantes-, sen posible uso lucrativo, cuestión que debe quedar especificada no contrato entre as partes, tendo en conta que se trata dunha superficie edificable no planeamento urbanístico vixente. Tal decisión, levará a consecuencia obvia da ineficabilidade da parcela, xa sexa “de facto”, ou a traveso das modificacións do planeamento procedentes, as cales quedarán supeditadas a esa decisión na compra do inmovible: destino único e exclusivo a espazo público, e sen posibilidade de reversión pasando de ben de uso público a edificable, logo de esta adquisición.*

**Aspecto económico.** Desde a perspectiva económica, dado que nos atopamos en situación do Orzamento do 2019, prorrogado do 2018, procede un expediente de modificación presupostaria, que recolla esa obriga recoñecida, imprescindible para financiar a adquisición. Consta informe de Intervención, así coma expediente de retención de crédito para tal adquisición.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA aceptar a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita e proceder a adquisición da parcela mencionada previos os trámites oportunos.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e quince minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 06 de marzo de 2019

Vº e Prace  
O ALCALDE,  
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO  
Asdo. Manuel Quintáns Queiruga